

Termos para definir

Bloque 3. Historia Contemporánea (século XIX)

- ***Abdicacións de Baiona:*** acto de cesión dos dereitos ao trono de España de Fernando VII e Carlos IV en favor de Napoleón Bonaparte, asinado na cidade francesa de Baiona (onde foran convocados tras o “motín de Aranjuez”). O Emperador francés, pouco despois, cederá tales dereitos ao seu irmán Xosé Bonaparte, que reinará como Xosé I. Este é un dos acontecementos que dará inicio á Guerra da Independencia española.
- ***Afrancesados:*** nome pexorativo co cal se coñecía en España a unha minoría de partidarios da ocupación francesa na Guerra da Independencia, e que respaldaron a política reformista de Xosé I Bonaparte. Moitos deles tiñan ideas ilustradas ou liberais e consideraban que esta era a única posibilidade de lograr a renovación e o cambio en España. A obra máis destacada deste grupo foi o Estatuto de Bayona de 1808. En 1814, unha vez rematada a guerra, serán perseguidos por Fernando VII e, acusados de traidores, moitos deberán exiliarse a Francia.
- ***Caciquismo:*** práctica política que, na España da Restauración borbónica, controlaba as eleccións grazas á figura do cacique. Este era unha persoa que dominaba o poder local e controlaba os votos da súa circunscrición electoral valéndose do seu poder económico, a súa posición social, as influencias políticas ou a coacción. O caciquismo, predominante no ámbito rural, fixo posible a fraude electoral masiva na Restauración, manipulando as eleccións continuamente, especialmente coa axuda dos Gobernadores Cívís de cada provincia, que á súa vez dependían dunha oligarquía que gobernaba desde Madrid. Isto tivo como resultado a apatía electoral por parte da maioría da poboación, que non estaba realmente representada.
- ***Cantonalismo:*** ideoloxía de carácter republicano e federal que tivo o seu auxe durante a Primeira República española, principalmente en Cartaxena e nas zonas do Levante e de Andalucía. Os seus partidarios, vencellados ao anarquismo, defendían profundas reformas sociais e, sobre todo, a creación dun Estado composto por unidades políticas territoriais soberanas, os cantóns, que mediante acordos libres (“de abaixo cara arriba”) se unirían formando a Federación española. En 1873 iniciáronse insurreccións cantonalistas que foron duramente reprimidas, dividindo aos republicanos federais en cantonalistas e transixentes.

- **Desamortización:** proceso legal que, previa expropiación, puxo en venda, en poxa pública, os bens pertencentes á Igrexa (“mans mortas”) e aos concellos (baldíos, “comúns” e “proprios”). Foi realizada principalmente durante os gobernos progresistas por Mendizábal (1836, cos bens do clero regular), Espartero (1841, cos bens do clero secular) e Madoz (1855, desamortización xeral). Entre os seus obxectivos estaban reformar a estrutura da propiedade da terra, obter recursos para a Facenda pública e ampliar o apoio á causa liberal.
- **Encaixado / encasillado:** proceso característico da Restauración, polo cal o Ministerio de Gobernación elaboraba a lista de candidatos que debían ser escollidos en cada distrito electoral, que estaba pactada polos dous partidos dinásticos, o Conservador e o Liberal. O obxectivo era “asegurar” o resultado desexado nas eleccións e afianzar a quenda pacífica e a estabilidade do sistema, xa que o partido no goberno aseguraba unha maioría nas Cortes.
- **Estatuto Real:** nome do Decreto de 1834 polo que a raíña rexente, María Cristina de Borbón, convocaba ás Cortes (en dúas cámaras, de Próceres e de Procuradores), realizando concesións políticas aos liberais moderados. Considérase unha “carta outorgada”, xa que aínda que a Coroa renunciaba a manter en exclusiva o poder, admitindo unha pequena ampliación da participación política, pero conservando a soberanía e sen recoller a separación de poderes ou dereitos dos cidadáns. Foi rexeitado pola maior parte dos liberais e tampouco contentou aos absolutistas, que seguiron apoiando a causa carlista.
- **Ludismo:** forma de protesta obreira xurdida na Inglaterra da Revolución Industrial, na que os traballadores destruían as máquinas, ás que facían responsables da perda de postos de traballo e do empeoramento das condicións laborais. Foi unha das primeiras manifestacións do movemento obreiro, aínda que cun carácter espontáneo e pouco organizado. A primeira manifestación de ludismo en España foron os sucesos de Alcoi (destrución de máquinas de fiar en 1821) e o incendio da fábrica Bonaplata en Barcelona en 1835. En Galicia destacan as protestas das cigarreiras da Coruña, en 1857.
- **Manifiesto de Sandhurst:** documento de carácter político elaborado por Antonio Cánovas del Castillo e asinado, en decembro de 1874, por Alfonso de Borbón (fillo de Isabel II) na academia militar inglesa de Sandhurst. Neste manifesto indicábase a necesidade de restaurar a monarquía borbónica e implantar un réxime liberal constitucional, defensor da orde social e a relixión católica. Días despois da publicación do manifesto, o xeneral Martínez Campos realizou un pronunciamento militar en Sagunto, proclamando rei a Alfonso XII.

- ***Manifesto dos Persas***: documento firmado en 1814 por 69 deputados absolutistas no que se solicitaba a Fernando VII, tras o seu retorno, a abolición dos decretos promulgados polas Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, así como a restauración do Antigo Réxime. Esta petición foi atendida polo rei coa promulgación do Decreto de Valencia. O Manifesto dos Persas recibiu o seu nome por unha referencia a un suposto costume dos persas de deixar que reine a anarquía ao morrer un rei para demostrar a necesidade dunha autoridade forte.
- ***Pragmática Sanción de 1830***: disposición promulgada por Fernando VII que anulaba a Lei Sálica, aprobada por Filipe V, que impedía acceder ao trono ás mulleres. Esta medida supuxo a exclusión do irmán do rei, o infante Carlos de Borbón, do trono de España, e converteu a filla de Fernando VII, a futura Isabel II, en herdeira. Isto motivará a Primeira Guerra Carlista, xa que os partidarios de Carlos de Borbón non aceptaron a Pragmática Sanción e utilizaron a Lei Sálica para esixir a coroa española à morte do rei en 1833).
- ***Pronunciamiento***: levantamento de parte do exército, contando co apoio dun determinado sector da sociedade, que “se pronuncia” a favor do cambio do sistema político vixente nese momento. Foi empregado na España do século XIX polas distintas faccións liberais para derrubar un goberno ou facer presión sobre él para que adoptase reformas. Foron frecuentes os que defendían o liberalismo fronte ao absolutismo de Fernando VII, e máis tarde os que defendían o liberalismo progresista coma o liberalismo moderado no reinado de Isabel II.
- ***Pucheirazo***: método de manipulación das eleccións empregado, sobre todo, na Restauración borbónica. Consistía na substitución na urna electoral dos votos xa emitidos por outros favorables ao candidato que se desexaba que saíse elixido, ou na modificación das actas do recuento dos votos. Este método permitía o triunfo dun determinado candidato nun sistema de quenda pactada entre conservadores e liberais, e era posible sobre todo grazas aos caciques.
- ***Rexeneracionismo***: corrente intelectual, política e literaria de finais do século XIX e principios do século XX que, partindo do análise dos problemas de España e da crítica do sistema da Restauración, se propuxo renovar e modernizar a vida política e económica do país. Xurdiu a partir do desastre de 1898 e o seu principal representante foi o aragonés Joaquín Costa, que propugnaba acabar co caciquismo, reducir a pobreza e fomentar a educación. Na súa vertente cultural producirá a consolidación da “xeración do 98” e na súa vertente política conducirá a proxectos de reforma que tentaron aplicar á vida política de principios do XX dirixentes tanto conservadores (Maura) como liberais (Canalejas).

- ***Sistema de quenda***: mecanismo de alternancia pacífica no poder vixente na Restauración borbónica. Ideado por Antonio Cánovas del Castillo, este sistema aseábase no acordo entre os dous partidos dinásticos, o Conservador e o Liberal, aceptando a rotación no goberno, evitando o intervencionismo do exército e os enfrontamentos violentos. Tras ser designado polo rei, o presidente do partido que lle tocaba gobernar convocaba unhas eleccións que sempre gañaba, empregando para iso a fraude electoral e o caciquismo, co beneplácito do outro partido. A consolidación da quenda tivo lugar en 1885 co Pacto do Pardo entre Cánovas e Sagasta co fin de asegurar á monarquía tras a morte do rei Alfonso XII. Este sistema funcionou regularmente ata a crise do ano 1898.

- ***Sufraxio censatario e universal***: o “sufraxio” é o dereito político que permite elixir mediante o voto aos cargos públicos. O “sufraxio censatario”, característico do liberalismo doutrinario, limita este dereito só a unha parte da poboación que teña unhas características precisas (de ingresos económicos, posición social ou grao de educación) que lle permitan estar inscritas nun “censo electoral”. O “sufraxio universal”, defendido polo liberalismo democrático, soamente establece como condición para votar a maioría de idade. En España o sufraxio universal foi só masculino ata os anos 30 do século XX, cando a constitución republicana ampliou este dereito ás mulleres.

- ***Tratado de Valençay***: acordo de paz, asinado en decembro de 1813, polo que o emperador francés Napoleón Bonaparte aceptaba o retorno de Fernando VII ao trono de España, a devolución dos territorios ocupados e a renuncia de Xosé I Bonaparte. Produciuse como consecuencia das derrotas e o deterioro progresivo do exército francés na Guerra de Independencia, que conclúe coa sinatura deste tratado.

- ***Unión Liberal***: partido político liberal fundado polo xeneral Leopoldo O'Donnell co obxectivo de alcanzar o poder e estabilizar o reinado de Isabel II, período no que gobernaron na maior parte da segunda década moderada. Na Unión Liberal participarán numerosos militares, os sectores máis progresistas procedentes do partido moderado e os máis moderados do partido progresista. Era un partido de centro, sen unha ideoloxía concreta, senon máis ben pragmático.